



CONCELLO
DE
VALDOVIÑO

DONA CARLOTA GONZÁLEZ NAVARRO, SECRETARIA DO CONCELLO DE VALDOVIÑO (A CORUÑA), CERTIFICA: Que a Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión ordinaria que celebrou o día dezasete de xullo de dous mil trece, adoptou entre outros, o seguinte ACORDO:

6º.- DECLARACIÓN DESERTA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA NA PRAIA DE A FROUXEIRA E INICIO DE APROBACIÓN DE NOVO EXPEDIENTE.-

B) APROBACIÓN DE INICIO DE NOVO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA NA PRAIA DE A FROUXEIRA.-

Visto o acordo declarando deserta a contratación do servizo de cafetería na praia de A Frouxeira e manténdose a interese do grupo de goberno en efectuar a contratación da explotación da cafetería para prestar este servizo aos usuarios da praia,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

1º.- Aprobar expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade obrigatoria, – contrato administrativo especial- para a explotación do servizo de cafetería na praia de A Frouxeira.

2º.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerá o contrato deste servizo; que constan no expediente da acta.

3º.- Cursar invitación, a tres empresas consideradas capacitadas para a prestación do servizo que se especifican; quenes presentarán as súas ofertas no prazo de 8 días naturais a contar dende o seguinte ao da recepción da invitación.

.- ANTONIO CASTRO PADÍN

.- SAMUEL SALGUEIRO GRAÑA

.- EMILIO LÓPEZ PORTA

E para que así conste e produza os efectos oportunos, expido a presente Certificación co Visto e Prace do Sr. Alcalde, don José Antonio Vigo Lago, en Valdoviño, a vinte e dous de xullo de dous mil trece, coa reserva do artigo 206 do ROFRXEL.

